

## NOTA INFORMATIVA

**DON JOSÉ CELA CAMIÑO, ALCALDE DO CONCELLO DE MORAÑA.**

### **FAI SABER:**

Que o Concello de Moraña xunto coa Xunta de Galicia, participa no **Programa Coidados Porta a Porta**. Un servizo asistencial ás persoas maiores no rural para a prevención da dependencia.

As datas nas que se realizará este curso totalmente gratuíto, serán os días **4,5 e 8 de agosto**, no **Aparcadoiro do Centro de Saúde de Santa Lucía de Moraña**.

Este programa de Coidados Porta a Porta está dirixido ás persoas maiores de 55 anos, e divídese en tres temáticas diferentes:

- Estimulación da memoria, traballará aspectos como a estimulación cognitiva e funcional, prevención da dependencia mediante hábitos de vida saudables e promoción do envellecemento activo.
- Podoloxía, consulta básica de podoloxía, corte e limpeza de unllas, eliminación de durezas, callosidades e helomas, e valoración xeral do pé.
- Audioloxía, consulta básica de audioloxía, exploración funcional da audición e prevención da perda auditiva.

Para mais información sobre estes servizos e para a participación e inscrición nos mesmos, deberán dirixirse ao seguinte número de teléfono: **622 748 283**

O que se fai público para xeral coñecemento.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.**

---

**Concello de Moraña**

Rúa N 1, nº2. Santa Lucía, Moraña. 36660 (Pontevedra). Tfno. 986 553 005. Fax: 986 553442  
N.º de Rexistro de Entidade Locais de Galicia: MU 2000/303 – C.I.F. P-3603200 A

